



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Ría de Ribadeo. Municipio: Ribadeo. Parroquias: Santa María de Vilaselán ao norte, Santa María de Ribado ao Sur e San Xoán de Ove ao oeste. Extensión: 2,69Km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A unidade de Ribadeo aséntase xa sobre a chamada rasa cantábrica, cuxa discutida orixe, sen entrar en detalles, parece ser máis continental que mariña. A consecuencia é unha chaira de notables dimensións encaixada en dúas superficies de forte pendente. Unha de escaso desenvolvemento continental, a de cantís costeiros, cantís de parede vertical ou de forte inclinación e teito plano, con numerosos desprendementos, illotes e farallóns. A outra, a vertente notable que conecta a chaira coas superficies aplanadas antigas superiores, neste caso as da serra do Mondigo, con desniveis importantes. Inclúe o EIX Costa rochosa de Ribadeo e As Catedrais.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio das rochas metamórficas con lousas e cuarcitas paleozoicas da Serie de Vilameá. Pero só afloran nos cantís e relevos elevados como o Monte Santa Cruz pois, sobre elas, aparece unha cobertura de sedimentos cuaternarios asociados á superficie chaira costeira (rasa), que son de tipo coluvional no extremo SO da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático cálido e seco no que a temperatura media anual se sitúa por riba dos 15°C (medias estivais de máis de 20°C) e o total acumulado de precipitación anual non supera os 1000mm. A amplitude térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

O carácter urbano da unidade dá lugar a solos formados pola acción humana, antropois, que ocupan principalmente o contorno do núcleo de Ribadeo. No resto da unidade desenvólvense solos tipo cambisol gleico.


AS AUGAS

Toda a fachada costeira da unidade de Ribadeo pertence á masa de Augas de Transición Eo - Ribadeo (20456) e sen que se poida destacar, por outra banda, ningunha masa de auga continental de importancia.

O PATRIMONIO NATURAL

Ría e ribeiras protexidas pola ZEPA Ribadeo e o LIC Río Eo. O hábitat destacado son os do grupo 12, "Cantís mariños e praias de seixos" (1210, 1230). Pódense sumar algunhas covas mariñas mergulladas ou semimergulladas (8330) e pequenas áreas de breixos secos costeiros (4040).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio do espazo construído debido á influencia do núcleo urbano de Ribadeo, o cal ocupa a maior parte da extensión da unidade. Perduran aínda sectores destinados ao cultivo que foron obxecto de concentración parcelaria ao norte da unidade, onde a influencia urbana parece toparse co obstáculo que supón a Autovía do Cantábrico (A-8) para o seu desenvolvemento, o que á súa vez, favoreceu a repoboación por parte de formacións vexetais costeiras das zonas máis próximas ao mar. Neste sector setentrional existe unha área de lecer lineal que, partindo desde Ribadeo e seguindo a ribeira do Eo cara á súa desembocadura, permite alcanzar o faro de Illa Pancho, onde se atopa o faro homónimo. Doutra banda, hai que ter en conta a tradicional actividade marisqueira que se desenvolve no estuario de Ribadeo, nas proximidades da praia dos Bloques, ao sur da unidade.

MORFOLOXÍA

O núcleo urbano de Ribadeo (considerado núcleo de identidade do litoral) é o principal centro de poboación da Mariña Oriental con preto de 8000 hab. (incluíndo toda a aglomeración urbana) e alberga un dos principais portos de toda a Mariña. A cidade experimentou sucesivas orlas de crecemento froito do seu desenvolvemento comercial vinculado ao desenvolvemento portuario, que introduciron importantes modificacións morfolóxicas ampliando os volumes e alturas das edificacións respecto ao núcleo histórico. Aínda e así, conserva un conxunto histórico-artístico recoñecido, que é o reflexo dun pasado brillante propio da denominada capital do Eo. Nos bordos do núcleo, xéranse periferias con mesturas de usos (industriais, comerciais, residenciais) estruturadas arredor das vías de entrada e saída predominando a orientación E-O. No sector norte da unidade consérvanse trazos tradicionais con barrios de carácter rural e espazos de cultivo que se ven ameazados pola incursión de edificacións unifamiliares illadas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Destaca o porto pesqueiro e deportivo, pero sobre todo o comercial, actualmente en ampliación, o único de importancia entre Ferrol e Avilés, cun volume de mercadorías en aumento cada ano. A súa localización, na fachada fluviomarina da cidade, sitúao ao abrigo dos temporais do Cantábrico. No tocante ás infraestruturas terrestres, destaca a autovía do Cantábrico (A8) que é, na actualidade, a principal vía que canaliza o fluxo de entrada e saída a Galicia pola costa norte facilitando a actividade comercial co occidente asturiano. Como paradoxo, esta vía constitúese, no marco da unidade, como fractura que separa o espazo urbanizado ao sur, dun espazo aínda preservado de procesos edificatorios ao norte. As estradas N-640 e N-634, resultaron moi influentes no crecemento urbano e periurbano de Ribadeo, así como a LU-140 que bordea o núcleo xunto á ribeira do Eo. O ferrocarril de FEVE ten estación nas aforas do núcleo urbano, no extremo oeste da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos arqueolóxicos máis destacados localízanse principalmente no sector norte, na parroquia de Vilaselán, co depósito paleolítico de Louselas en Vilaselán. Tamén no norte figura o Monumento do castelo de San Damián e o asentamento de Torre Vella de período medieval, aínda que Ribadeo conserva a capela da Atalaia, restos do castelo e murallas daquel período, clasificadas como Monumento. Con todo, o esplendor de Ribadeo alcanzouse a partir do s. XIX da man do desenvolvemento comercial ligado á actividade portuaria que dotou á cidade dun innumerable catálogo de elementos patrimoniais que levaron á súa declaración como conxunto histórico-artístico. Cabe destacar de entre os moitos existentes a antiga aduana, o convento de Sta. Clara, a igrexa de Sta. Mª do Campo e o Pazo de Ibañez, actual casa consistorial, todos eles do s.XVIII. Ademais, o Monumento da Torre dos Moreno (s.XX), de estilo ecléctico modernista, é un símbolo da cidade. En canto ao patrimonio industrial hai que citar o cargadoiro de mineral recentemente restaurado a beiras do Río Eo. Por esta unidade de paisaxe discorre a ruta xacobeá do Camiño do Norte.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta unidade vén marcado pola súa fachada fluviomarina, isto é, pola presenza da ría de Ribadeo, fronteira en ocasións e nexo de unión desde a inauguración da Ponte dos Santos en 1987, entre Galicia e Asturias, o cal favoreceu o crecemento do sector terciario en toda a costa lucense. É apreciable como o conxunto urbano de Ribadeo tende a asomarse ás ribeiras do Eo, onde se localiza o porto, principal impulsor do crecemento socioeconómico do territorio próximo. Ribadeo é o centro de atracción de boa parte da poboación e dos servizos da comarca, incluíndo o occidente asturiano, mentres que a actividade agraria é residual e destaca a ausencia de vexetación natural debido a unha secular explotación do territorio. A rede viaria, intensa nas proximidades do núcleo de poboación, ten unha manifesta orientación sur-norte e principalmente este-oeste, vector que segue o actual desenvolvemento urbanístico.

DINÁMICA DA PAISAXE

Resulta evidente o abandono da actividade agraria existente a mediados do século pasado como consecuencia, previsiblemente, da urbanización e terciarización do núcleo de Ribadeo. Aínda así se levou a cabo un proceso de concentración parcelaria evidente ao norte da unidade o que encubriu a antiga subdivisión parcelaria. O núcleo urbano de Ribadeo experimentou un evidente crecemento, tanto no plano horizontal (extensión) como no vertical (altura), apoiado fundamentalmente na rede viaria existente e seguindo dous modelos tipolóxicos: os bloques lineais de cinco alturas ou máis que ocupan áreas renovadas da cidade ou os viarios máis próximos ao núcleo e que constitúen unha fachada de rúa continua; e as pequenas urbanizacións de tipo unifamiliar caracterizadas pola dispersión espacial, xerando unha periferia de escasa coherencia paisaxística. O desenvolvemento dos sistemas xerais tamén resulta evidente coa aparición e consolidación de novas estradas (N-640 e LU-140). Pero sobre todo destacan dous novos elementos: o porto, cuxa ampliación é notoria cos novos peiraos para uso deportivo, que acapara boa parte da fachada fluviomarina da unidade, e a autovía do Cantábrico coa Ponte dos Santos permitindo unha mellor e máis rápida conexión coa outra beira do Eo, xa en terras asturianas. Obsérvase tamén o acondicionamento da praia fluvial dos Bloques, no límite sur da unidade, mediante a construción dun espigón.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto de maior interese, desde o punto de vista ecolóxico, localízase na contorna de Illa Pancha, no extremo norte da unidade, sobre a marxe occidental da Ría de Ribadeo, e que ademais conta cun punto de observación didáctico das unidades de paisaxe tipo A4, Meso cantís, cantís con parede de forte inclinación. Todo este ámbito foi considerado como Espazo de Interese Paisaxístico, xa que desde el é posible a contemplación de boa parte da planicie costeira e bordo marítimo que caracteriza á Mariña oriental. Ademais, alí sitúase o faro orixinal de 1860, catalogado como patrimonio cultural, ao que substitúe nas súas funcións outro anexo de nova creación en 1980. Toda a fachada fluviomarina e estuario de Ribadeo atópanse incluídos nas seguintes figuras de protección: LIC e ZEPA da Ría de Ribadeo segundo o Directiva Hábitat, Brañas de Importancia Internacional segundo o convenio Ramsar, e Braña Protexida segundo a rede galega de espazos naturais protexidos. Ademais, toda a unidade está incluída na declaración da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón que abarca terras asturianas e galegas e onde converxen valores paisaxísticos de media montaña, marítimos e fluviais como é o caso do Eo, cuxo eixo permite a vertebración de todo o territorio protexido. Todo este patrimonio natural vese complementado polo abundante patrimonio arqueolóxico e cultural froito dunha longa historia de ocupación humana cuxo epicentro foi o núcleo urbano de Ribadeo, en contacto coa costa e o porto. A intensa actividade comercial contribuíu ao enriquecemento do núcleo urbano de Ribadeo coa proliferación de construcións indianas que, xunto aos restos de orixe medieval e outros propios da actividade portuaria, levaron á súa declaración como conxunto histórico artístico e Núcleo de Identidade do Litoral. Outro punto de observación de interese constitúe o cargadoiro de mineral, levaron á súa declaración como conxunto histórico artístico e Núcleo de Identidade do Litoral. Outro punto de observación de interese constitúe o cargadoiro de mineral.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



